BASES
II CONCURSO DE BAILE TRADICIONAL "DE RUADA"

Auditorio Municipal

23 de Maio de 2026

Co obxecto de enaltecer e promove-lo folclore tradicional galego convócase o:

II CONCURSO DE BAILE TRADICIONAL "DE RUADA"

PARTICIPACIÓN

Neste concurso poden participar grupos de: Asociacións Folclóricas, Recreativas, Agrupacións xuvenís, Culturais, de Veciños, Centros parroquiais, ou de calquera outro tipo que o desexen,

Os grupos poden ser mixtos, femininos ou masculinos, e estarán formados como mínimo por seis persoas, tres parellas, agás cando as características do baile requiran outro tipo de información.

CATEGORIA

A categoría determinarase pola media das idades dos componentes, e ningún deles superará o límite da categoría en máis de dous anos.

- Categoría A: ata as 10 anos
- Categoría B: de 10 a 13 anos
- Categoría C: de 13 a 17 anos
- Categoría D: de 17 anos en adiante

Cada Asociacións Folclóricas, Recreativas, Agrupacións xuvenís, Culturais, de Veciños, Centros parroquiais, ou de calquera outro tipo, poderá inscribirse ata un máximo de 5 grupos no concurso.

PREMIOS

En cada unha das categorías serán concedidos os seguintes premios:

Nas **categorías A e B** entregaranse:

- Un primeiro premio de 250 € e trofeo.
- Un segundo premio de 150 € e trofeo.
- Un terceiro premio ó que lle corresponderá un trofeo.

Nas **categorías C e D** entregaranse:

- Un primeiro premio de 400 € e trofeo.
- Un segundo premio de 200 € e trofeo.
- Un terceiro premio de 100 € e trofeo.

Además outorgaranse dous únicos premios, composto de trofeo, para todas as categorías do concurso:

- Premio ao mellor vestiario.
- Premio ao mellor acompañamento.

A organización reservase a posibilidade de suprimir algunha das categorías no caso de que non haxa suficientes grupos.

Só os 10 primeiros grupos anotados en cada categoría terán garantida a súa participación. No caso de apuntarse máis grupos nalgunha categoría, a súa participación dependerá do total de grupos do concurso, e será debidamente notificado pola organización.

Se o número de grupos participantes nunha categoría é inferior a cinco, outorgarase un único premio (250€ e trofeo).

Debido a qué é imposible superar a participación de 40 grupos, chegado a este número non se aceptarán máis solicitudes. Polo tanto, seguirase de forma estrita a orde de inscrición.

No caso de que a organización tivera que pagar á S.G.A.E. pola interpretación dunha peza de autor, remitiríamos o pago á asociación correspondente.

No caso de que o baile presentado fora recollido polo Grupo de Baile Tradicional de "De Ruada", deberá contar coa súa autorización.

NON PODERÁN ESTABLECER PREMIOS DESERTOS EN NINGUNHA DAS CATEGORÍAS.

XURADO

O xurado estará composto por tres persoas alleas a Coral de Ruada, os cales serán especialistas de recoñecido prestixio no sector do baile e da música tadicional. Así mesmo, formará parte do xurado o secretario dá Coral De Ruada, sen voz nin voto, encargado de redactar as actas dos grupos premiados.

No momento da cualificación, o xurado terá en conta:

- Autenticidade da peza, que terá que ser tradicional.
- Dificultade técnica.
- Calidade e control na execución.

— En canto á coreografía grupal: coordinación, ritmo, creatividade, uso do espazo, traballo colaborativo e expresión.
— Tamén se avaliará ó grupo de acompañamento tendo e conta a dificultade e execución da peza.

O xurado será nomeado pola Coral De Ruada, e o seu dictame será inapelable.

A organización poderá esixir o DNI ou libro de familia no caso que, por requirimento do xurado, dalgunha das agrupacións participantes ou porque o estime oportuno a Comisión Organizadora exista algunha dúbida na idade dalgúns dos concursantes.

No caso de negarse a presentalo o xurado poderá descalificar ó grupo.

O XURADO PODERÁ DESCALIFICAR A CALQUERA GRUPO OU ASOCIACIÓN QUE NON SE ATEÑA ÁS BASES AQUÍ EXPOSTAS.

CONDICIÓNS

1. É obrigatorio o uso do traxe tradicional galego.
2. A peza a interpretar deberá ser tradicional ou popular, nunca de autor.
3. Cada participante só pode rexistrarse nun grupo dentro dunha categoría. Non obstante, está permitido que o mesmo participante participe nun grupo dunha categoría diferente.
4. Cada grupo terá que levar o seu acompañamento musical: gaiteiros/as, pandereteiras/os etc. Que deberá estar presente no escenario de xeito que sexa visible para os membros do xurado, vestindo o traxe tradicional.
5. Cada grupo disporá dun tempo límite de 5 minutos. O grupo que exceda dito tempo quedará descualificado
6. Unha vez rematada a actuación de todos os grupos participantes e a avaliación do xurado, daranse a coñecer os nomes dos gañadores/as, e entregaranse os trofeos acadados o día 23 de maio de 2026. É necesario que unha parella dos gañadores/as estén presentes no esceario para recoller dito premio.
7. Os premios económicos serán abonados mediante transferencia bancaria. É necesario IBAN bancario onde realizar a transferencia no caso de acadar un premio.

OS GRUPOS DA ESCOLA DE BAILE DA CORAL DE RUADA NON PARTICIPARÁN NO CONCURSO.

INSCRICIÓN

O concurso terá lugar o sábado 23 de maio no Auditorio Municipal de Ourense, sito na Rúa da Canle, 2, en horario de tarde.

A hora de presentación, orde e normas dos grupos participantes serán enviadas previo o concurso vía correo electrónico.

O prazo de inscrición comeza o luns, 6 de abril ás 12:00 h e remata o venres, 8 de maio ás 24:00 h.

As inscricións poden realizarse descargando o formulario a través da nosa páxina web www.coralderuada.com e enviando debidamente cumprimentada a folla de inscrición adxunta por:

- Correo electrónico: info@coralderuada.com
- Correo ordinario: Coral De Ruada, rúa da Paz nº 9, ático, 32005 Ourense.

EXCLÚESE A VÍA TELEFÓNICA PARA REALIZAR AS INSCRICIÓNS E NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA INSCRICIÓN POSTERIOR A ESTA DATA.

DEREITOS

Co fin de ter un arquivo gráfico a organización poderá realizar fotografías e vídeos das diferentes actividades. Ditas fotografías e videos serán incluídos nun fichero debidamente rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos da que é titular a Coral De Ruada e poderá ser usados pola mesma para mostrar tanto no local como na web www.coralderuada.com ou poderán ser utilizadas para a realización cartelería e publicidade doutras actividades ou eventos que realice a asociación.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición no concurso implica a total aceptación das súas bases.

A organización resérvase o dereito de modificar as bases ou tomar decisión sobre aspectos non regulados nel, por causas de forza maior.

As decisión que adopte o Comité Organizador na execución e desenvolvemento desta bases e todas aquelas cuestión imprevistas resolveranse, en cada caso, de forma irrevocable pola propia comisión.

A redacción oficial das bases está en lingua galega para os efectos legais. Presentaranse en diferentes idiomas, pero as discrepancias derivadas delas resolveranse con referencia ao texto en galego.

Coral De Ruada aclarará calquer dúbida a través do teléfono 634 822 225 ou por correo electrónico info@coralderuada.com